



O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu portavoz Xosé Magariños Maceiras, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a recuperar a bonificación do 37,5% de todos os recibos do IBI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Estrada recoñecía oficialmente, tras unha importante e histórica mobilización veciñal, no ano 2004 que a Ponencia de Valores Catastrais do ano 1997 contiña importantes sobrevaloracións en amplas zonas; a instancias e co único apoio do Bloque Nacionalista Galego aprobouse no Pleno do Concello unha solución que desde ese ano 2004 paliou o problema, ata que no ano 2011 (Pleno do concello da Estrada do 13 de outubro de 2011) o Partido Popular, en solitario, aprobou a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis do Concello da Estrada eliminando a Disposición Adicional Transitoria.

Esta dicía literalmente: De acordo co informe redactado polos técnicos, aprobado pola comisión mixta de estudo das valoracións contidas na Ponencia de Valores Catastrais e polo Pleno do Concello de data 12 de abril de 2004, no que se recolle a sobrevaloración xeneralizada dos polígonos urbanos da vila da Estrada e en cumprimento dos acordos das sesións plenarias de data 9 de febreiro de 2004 que recolle que no caso de que a Xerencia Provincial do Catastro non tomase medidas para reducir os valores catastrais dos inmóbeis da vila, o Concello aprobaría medidas correctoras que paliasen os efectos producidos pola sobrevaloración catastral, e o de data 14 xuño de 2004, no que se acorda aplicar unha redución do IBI para os inmóbeis catalogados como urbanos na vila da Estrada, procédese a reducir a cota do imposto de IBI de natureza urbana dos citados inmóbeis nun 37,5% ata o momento no que se aprobe e entre en vigor unha nova Ponencia de Valores para este Concello. A presente disposición adicional transitoria entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2004.

O Partido Popular tivo oportunidades suficientes para non tomar esa errada decisión; o BNG opúxose desde o primeiro momento, pois o problema de fondo non estaba solucionado e a crise económica batía con forza na nosa veciñanza, votou en contra

no Pleno de outubro e presentou unha Alegación que foi rexeitada polo PP no Pleno do 16 de decembro de 2011.

Máis ou menos polas mesmas datas o Goberno Central sustentado polo Partido Popular aprobaba o Real Decreto-Lei 20/2011 (de medidas urxentes en materia orzamentaria) que incluía, entre outros asuntos, o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI). O goberno de Mariano Rajoy impuxo unha suba dos tipos de gravame do IBI, non inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013.

A coincidencia temporal destas dúas medidas do PP, no concello e no goberno central, supuxo para todos os veciños e veciñas da Estrada un incremento do recibo do 100% en 2012 e 140% en 2013 a respecto do que se pagou en 2011. Entendemos que esta suba é insumíbel para boa parte dos estradenses dado o contexto de forte crise económica e paro que atenaza o noso concello. Por outra parte, tamén consideramos unha subida inxusta, porque aínda non se corrixiu a sobrevaloración catastral que motivou a bonificación do 37,5% aprobada en solitario polo BNG en 2004.

A aprobación definitiva do PXOM do Concello da Estrada debера ser a oportunidade de corrixiar tanto as inxustas valoracións dos terreos que sendo rústicos veñen tributando coma urbanos, como para que se realice unha nova Ponencia de Valores Catastrais sen erros nin sobrevaloracións, se ben, segundo informa o propio Partido Popular en boca do Alcalde, a dita renovación pode demorarse ata dentro de 5 anos.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Recuperar a bonificación do 37,5% de todos os recibos do IBI deste ano (con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2013) e ata que haxa unha nova ponencia de valores; por medio da aprobación dunha Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis do Concello da Estrada aprobando de novo a Disposición Adicional Transitoria

A Estrada, a 19 de setembro de 2013

Asdo.: Xosé Magariños Maceiras.